

II SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Custodia do territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 22 DE SETEMBRO

Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda

O obxectivo desta xornada é eliminar tódolos plumachos (*Cortaderia selloana*) na praia da Alameda (Miño), dentro do espazo natural protexido LIC Betanzos-Mandeo. Hai dous anos xa os arrincamos, pero quedou algún e naceron outros. Canto máis novos se arrinquen menos traballo custa. O tempo que nos quede libre empregarémolo en recolle-lo lixo manualmente, pois nesta praia está presente o raro escaravello das dunas (*Eurynebria complanata*), polo que non é conveniente que se utilicen medios mecanizados.

O punto de encontro será o ambulatorio de Betanzos ás 9:30. No caso de que se apunte xente suficiente, levaremos un autobús. De sermos poucos, organizarémonos con vehículos particulares. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na praia. Para chegar alí hai que ir até a Ponte do Porco, aparcar no entorno dos xardíns, baixar polas escaleiras de madeira á praia e andar pola pasarela uns 200 metros até o punto de encontro.

Convén que leves luvas de coiro, ou no seu defecto de cociña. As follas dos plumachos son cortantes, polo que é aconsellable levar roupa de manga longa e gafas (graduadas, de sol ou de seguridade) para protexe-los ollos. Se tes un *capacho* e un sacho, lévaos por se non chegan os que proporcione a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Contamos cos permisos de Demarcación de Costas e da Dirección Xeral de Conservación. O Concello de Miño colaborará no transporte e tratamento dos residuos. A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se tes algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.